

Concurso fotográfico e andaina

A **Asociación de Veciños da Banda do Río** establece as bases que han de rexer a **Andaina Fotográfica 2018** de Bueu, que terá lugar o **2 de decembro de 2018**.

Trátase dunha iniciativa creativa financiada baixo a convocatoria de **Cultura 2018 Ano da Lingua da Deputación de Pontevedra** que ten como **temática a lingua**.

Poderán participar todos os interesados, e os **menores de idade terán que vir acompañados por un adulto**.

Para a participación se establecen **3 categorías**:

- Infantil: para menores de 12 anos
- Junior: de 12 a 18 anos
- Senior: para maiores de 18

A actividade terá un número mínimo de quince participantes, sen contar cun máximo.

A participación no concurso é de balde.

Os participantes serán convocados no entorno do **Estaleiro de Purro**, na Banda del Río, ás 10 da mañá. Alí se lles recordarán as bases do concurso, as condicións para a participación e se repartirán (e recollerán posteriormente) as follas de inscrición.

A continuación darase un prazo de 4 horas para tomar as fotografías que respondan aos temas propostos (a lingua nas súas distintas manifestacións), cun **máximo de 10 fotos finais a concurso para cada participante**, seguindo un formato de maratón ou andaina fotográfica

Os temas propostos e as modalidades de entrega son:

- a) Como primeira proposta, os participantes teñen que **recoller nas súas fotografías motivos relacionados coa lingua** incorporados en cartaces, murais, arte urbana, slogans, sinalización, libros, textos, paneis, etc. en galego e desde unha óptica orixinal e creativa.
- b) En paralelo, propónse como tema a **cabina telefónica** de Montero Ríos, como ferramenta de comunicación oral e ante a posibilidade de retirada da mesma pola recente modificación do servizo universal de telecomunicacións por parte do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. A idea é tomar fotos divertidas tomando á cabina como elemento central, facendo referencia a esta como elemento fundamental de comunicación previo á entrada dos teléfonos móbiles.

Para estas modalidades a) e b) o prazo para entregar as fotos será de unha semana (ata o día 9 de decembro), e as formas de envío serán a través do correo electrónico da Asociación (a.v.bandadorio@gmail.com). Haberá un gañador único para as dúas propostas temáticas e para cada unha das tres categorías de idade.

- c) Finalmente, convocarase un **concurso de fotografías sobre o barrio** baixo un formato de maratón ou de andaina, coa idea de que os participantes recollan escenas locais, detalles do barrio, persoeiros, rincóns, etc.

Ao final do día haberá que enviar esas fotos da modalidade de participación c) por correo electrónico ao enderezo da Asociación de Veciños Banda do Río (a.v.bandadorio@gmail.com). Neste caso haberá gañadores para cada unha das tres categorías de idade.

A participación en cada unha das categorías temáticas é independente e non excluínte, polo que cada participante pode concorrer a unha, dúas ou tres categorías temáticas, sempre que entregue os traballos participantes dentro do prazo establecido e nomee as fotos de acordo as bases propostas. Por outra banda, a achega de fotos ten que ser separada para cada unha delas, para que sexan valoradas por o xurado correspondente.

O xurado do certame procederá logo a elixir os traballos gañadores para cada unha das categorías propostas, e haberá tamén un Premio del Público que votará por medio do perfil de Facebook da Asociación (Asociación Veciños Banda do Río Bueu)

Por outra banda, no propio perfil de Facebook da Asociación se publicarán os traballos e nomes dos gañadores

Adicionalmente, coas fotografías participantes elaborárase unha **presentación interactiva** que se distribuirá a través do perfil de Facebook.

Finalmente, organizarase unha **exposición fotográfica** cos mellores traballos participantes nas instalacións do Estaleiro de Purro, en paralelo con unha Exposición de fotos antigas do barrio.

EN QUE CONSISTE

O concurso consiste en realizar fotografías nun prazo limitado de 4 horas (das 10:00 as 14:00) en torno aos temas propostos (a lingua e a cabina telefónica).

As fotos presentadas deben estar relacionadas cos temas propostos. En ningún caso poderán mostrar unha situación inapropiada, indecente, obscena, hostil, difamatoria ou calumniosa e/ou que promova a intolerancia, racismo, odio ou dano contra calquera grupo ou persoa, ou a discriminación por motivo de raza, relixión, xénero, nacionalidade, discapacidade, orientación sexual ou idade, e/ou que atenten contra a orde pública, a moral ou as boas costumes. Tampouco poderán mostrar terceiras persoas sen o seu consentimento. Para asegurar o bo funcionamento do concurso, as fotos enviadas contarán cunha moderación previa.

Cada concursante pode tomar cantas fotografías considere, pero só poderá enviar a concurso un máximo de 10.

Para participar os participantes poderán valerse de cámaras ou de teléfonos móbiles, segundo estimen oportunos.

As fotografías participantes deberán enviarse en **formato jpg** e non superar un **peso máximo de 4MB**. Está permitido o uso de técnicas fotográficas ou de edición e de fotografías en branco e negro.

Para o envío os participantes teñen que achegar os datos de inscrición e renomear os arquivos fotográficos co seu nome e primeiro apelido e ano de nacemento, numerando consecutivamente as fotos (Nome_Apelido_Ano_1, Nome_Apelido_Ano_2...)

O autor ou propietario dos dereitos das fotografías presentadas ao concurso, acepta que estas podan ser expostas pola organización e que se podan empregar nun futuro coa finalidade de

promocionar o concurso. Pasarán a ser propiedade da Asociación de Veciños Banda do Río as fotografías que resulten premiadas.

PREMIOS

Haberá un premio por categoría de idade para os gañadores das dúas primeiras propostas temáticas (lingua galega e cabina telefónica, que se avaliarán conxuntamente) e outro para a andaina fotográfica sobre o barrio, con outros tantos gañadores por categoría de idade. Adicionalmente establecerase un premio do público, votado a través do perfil de Facebook da Asociación

O xurado elixirá as **mellores fotografías en cada unha das tres temáticas propostas**: a lingua nas súas diferentes manifestacións, a mellor foto procedente da andaina no barrio e outra especial relativa á **cabina telefónica**.

Habilitarase tamén un **Premio do público**, que será votado a través do perfil de Facebook da Asociación de Veciños Banda do Río

Nas fotografías **non poderán aparecer menores de idade**.

A participación no concurso implica a completa aceptación das bases. O incumprimento das bases conlevará a expulsión do concurso, podendo supoñer a prohibición de presentarse nas seguintes edicións.

A organización non se fai cargo nin se responsabiliza dos danos e prexuízos que podan sufrir os participantes na súa persoa, nos equipos ou no material que utilicen no desenvolvemento do Maratón Fotográfico 2018 da Asociación de Veciños Banda do Río.